

membros a facultade de concederen, dentro de certos límites, a exención do imposto sobre o valor engadido ás entregas de bens efectuadas nas tendas libres de impostos ós viaxeiros que se despracen a outro Estado membro da Comunidade en voo ou travesía marítima intracomunitaria e ás entregas de bens efectuadas a bordo dun avión ou dun buque no transcurso dun transporte intracomunitario de viaxeiros.

Esta exención tiña un carácter temporal e a súa vixencia remata o día 30 de xuño de 1999.

A Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, incorporou estas exencións no punto catro do seu artigo 25 e autorizouse, segundo o disposto na letra b) da alínea quinto do anexo da citada lei, o réxime de depósito distinto dos alfandegueiros para os bens obxecto das entregas efectuadas nas tendas libres de impostos a que se refire o precepto anterior.

O rematar agora o prazo de vixencia destas exencións resulta de urxente necesidade, por razóns de harmonización co dereito comunitario, derroga-lo precepto indicado e a referencia ó réxime de depósito distinto dos alfandegueiros para as referidas entregas contidas no anexo da Lei do imposto.

Esta nova circunstancia afectará de maneira substancial a diversos sectores, que deberán coñecer coa suficiente antelación este cambio coa finalidade de lles permitir adaptarse o máis axiña posible á nova situación, tanto desde o punto de vista técnico como comercial.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución e por proposta do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de xuño de 1999,

DISPÓN O :

Artigo único.

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido:

Un.—Derrógase a alínea catro do artigo 25.

Dous.—A letra b) da alínea quinta do anexo queda redactada como segue:

«b) En relación cos demais bens, o réxime de depósito distinto dos alfandegueiros será o réxime suspensivo aplicable ós bens excluídos do réxime de depósito alfandegueiro por razón da súa orixe ou procedencia, con suxeición no demais ás mesmas normas que regulan o mencionado réxime alfandegueiro.

Tamén se incluírán neste réxime os bens que se negocien en mercados oficiais de futuros e opcións baseados en activos non financeiros, mentres os referidos bens non se poñan á disposición do adquirente.

O réxime de depósito distinto dos alfandegueiros a que se refire esta letra b) non será aplicable ós bens destinados á súa entrega a persoas que non actúen como empresarios ou profesionais.»

Disposición final única.

Este real decreto lei entrará en vigor o día 1 de xullo de 1999.

Dado en Madrid o 11 de xuño de 1999.

JUAN CARLOS R.

13071 REAL DECRETO LEI 11/1999, do 11 de xuño, de adopción de medidas de carácter urxente para reparar-los efectos producidos pola seca. («BOE» 140, do 12-6-1999.)

A evolución das condicións climáticas, durante o actual ano agrícola, caracterizouse por un acusado déficit de precipitacións.

Esta situación de seca, que foi particularmente intensa durante os meses do outono, adquire especial gravidade nas comunidades autónomas do sur e do leste peninsular, onde as precipitacións foron tan escasas que, en moitos casos, impediron o nacemento e desenvolvemento normal dos cultivos e producións de sequeiro en amplas zonas do territorio nacional.

Ante esta situación, e co fin de contribuír ó mantemento da actividade productiva das explotacións agrarias, que, como consecuencia da seca, se viron gravemente afectadas, o Goberno considera necesario adoptar un conxunto de medidas, con carácter urxente, destinadas a paliar-los efectos desta continxencia climática.

A escaseza de precipitacións afecta de maneira especial os produtores de cereais que, mesmo téndose acollido ó seguro integral de cereais, non acadaron as condicións mínimas para optaren á percepción da cobertura prevista na póliza de aseguramento. Así mesmo, tamén se ven especialmente prexudicados os agricultores que non teñen os seus cultivos co risco de seca cuberto na regulación vixente e, sen embargo, subscribiron pólizas para outros riscos asegurables. En ámbalas situacións, considerouse necesario establecer indemnizacións paliativas dos danos ocasionados.

Igualmente, a economía das explotacións de gandería extensiva, ó non existiren sistemas de aseguramento específico contra a seca, está resultando gravemente afectada, xa que a falta de pastos e forraxes obriga os gandeiros a realizar desembolsos extraordinarios para a alimentación do gando. Neste sentido dictouse, con carácter urxente, a Orde do 28 de maio de 1999, pola que se establecen axudas ás agrupacións de gandeiros para o transporte de cereal-penso e forraxe deshidratada.

Non obstante, esta medida, xa posta en marcha, debe ser complementada cunha liña de préstamos específicos e bonificados, para facer fronte ó maior custo da alimentación do gando.

A persistencia da situación de seca fai previsible a intensificación de importantes problemas de abastecemento de auga ó gando, xa evidenciados nalgúns zonas, nas explotacións de gandería extensiva. Por iso, este real decreto lei inclúe medidas destinadas a paliar esta situación.

Co fin de reduci-lo fluxo de gastos de natureza fiscal e laboral nas explotacións agrarias afectadas, prevense medidas dirixidas a reduci-la fiscalidade que grava as explotacións agrarias afectadas, así como a exención do pagamento das cotas correspondentes á Seguridade Social.

Co obxecto de sufraga-las actuacións extraordinarias que así o requiran, o Goberno pon á disposición destas actuacións un conxunto de recursos financeiros adicionais ós establecidos nos vixentes orzamentos xerais do Estado, en forma de crédito extraordinario e de suplementos de crédito.

Esta disposición dítase ó abeiro da habilitación contida no artigo 149.1.1.^a 13.^a e 17.^a da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de regulación das condicións básicas sobre igualdade de dereitos dos españois, bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e Seguridade Social.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta dos ministros de Economía e Facenda, de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Traballo e Asuntos Sociais, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de xuño de 1999.

DISPÕÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto-lei ten por obxecto establecer medidas de apoio e, se é o caso, a concesión de axudas ós titulares das explotacións agrarias situadas nas comunidades autónomas, provincias, comarcas, termos municipais ou zonas que, por mor da falta de precipitacións durante a campaña agraria 1998-1999, sufrisen nos sequeiros unhas perdas medias de colleita nos cultivos ou aproveitamentos gandeiros superiores ó 50 por 100 da produción normal.

2. Por orde do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, oídas as comunidades autónomas, delimitaranse os ámbitos territoriais nos que a situación de seca se considere de gravidade de cara á aplicación das medidas previstas.

Artigo 2. *Indemnización de danos en producións agrarias.*

1. Os danos causados pola seca na campaña agrícola 1998-1999 sobre producións agrarias aseguradas con pólizas en vigor do seguro agrario combinado, regulado pola Lei 87/1978, do 28 de decembro, serán obxecto de indemnización, cando os riscos que os orixinen non se encontren cubertos polas ordes reguladoras das condicións de aseguramento.

2. As parcelas aseguradas polo seguro integral de cereais de inverno, correspondente ó Plan anual de seguros agrarios de 1998, nas que non se producise o nacemento, nas condicións necesarias para a entrada en garantía do seguro, serán así mesmo obxecto de indemnización.

3. As necesidades que deriven das indemnizacións a que se refire este artigo, financiaranse con cargo ó crédito extraordinario que se concede no artigo 6.1, por importe de 2.150.000.000 de pesetas, e con cargo a créditos do orzamento do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, por importe de 1.000.000.000 de pesetas.

Para os efectos indicados, realizaranse as transferencias de crédito que resulten procedentes no orzamento do indicado departamento.

Artigo 3. *Apoio prioritario á gandería extensiva.*

1. Co fin de lles facilitar préstamos ós titulares de explotacións extensivas de gando bovino, ovino, cabrún, equino e porcino, así como ós apicultores, para afrontar os custos adicionais na alimentación do gando orixinados pola seca e, se é o caso, titulares de explotacións agrarias con pólizas de seguro en vigor, o Instituto de Crédito Oficial (ICO) propondrá un acordo coas entidades financeiras para pór á súa disposición durante 1999 unha liña de préstamos por importe total de ata 27.000.000.000 de pesetas.

2. A contía individual máxima destes préstamos para atender as necesidades da gandería establecerá o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación en colaboración coas comunidades autónomas. En todo caso, esta contía non superará os 4.000.000 de pesetas

por persoa física, nin os 20.000.000 de pesetas por persoa xurídica ou comunidade de bens.

Só poderán ser beneficiarios dos préstamos sinalados no parágrafo anterior aquelas persoas físicas ou as persoas xurídicas ou comunidades de bens que, no caso de teren sido beneficiarios de préstamos anteriores regulados para análoga finalidade, se encontren ó día no pagamento destes.

3. As condicións destes préstamos serán as seguintes:

a) Prazo: cinco anos, incluído un de carencia, para o pagamento do principal.

b) Tipo de xuro: o tipo de cesión do ICO ás entidades financeiras será o euribor a tres meses. As entidades financeiras terán unha marxe de intermediación máxima de 1 punto.

c) Bonificación do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación: o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación bonificará en contía equivalente á metade do tipo de xuro que, nas condicións anteriores, quedaría a cargo do gandeiro, de tal maneira que se as comunidades autónomas deciden establecer unha bonificación da mesma contía, o xuro resultante ó beneficiario será cero.

Estas bonificacións atenderanse con cargo ó suplemento de crédito que se concede no artigo 6.2.

d) Participación do ICO: estes préstamos outorgaos o ICO no exercicio das funcións a que se refire o parágrafo 2.a) do punto dous da disposición adicional sexta do Real decreto lei 12/1995.

e) Riscos dos préstamos: o risco dos préstamos será por conta das entidades financeiras mediadoras.

4. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e, de se-lo caso, as comunidades autónomas, subscribirán co ICO os oportunos convenios de colaboración para instrumentar esta liña de apoio ás explotacións gandeiras.

5. Co obxecto de atender as necesidades de auga das explotacións gandeiras de réxime extensivo nas que a seca esgotase as súas fontes de subministración habituais, autorízase o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para realizar con carácter de urxencia, as obras necesarias para construír puntos de subministración dos que serán beneficiarios os municipios afectados, sen prexuízo da competencia do Ministerio de Medio Ambiente nesta materia. Estas obras terán a consideración das previstas na letra a) do artigo 61 e concordantes da Lei de reforma e desenvolvemento agrario.

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, en coordinación coas comunidades autónomas, articulará a aplicación do disposto no parágrafo anterior.

6. Establécese unha liña de axudas para a adquisición dos medios necesarios de transporte de auga ás explotacións afectadas.

A instrumentación destas axudas farase a través das comunidades autónomas e poderán ser beneficiarios delas as entidades locais e as agrupacións de gandeiros afectadas que o soliciten.

7. As liñas de apoio a que se refiren os puntos 5 e 6 anteriores serán financiadas con cargo ós orzamentos do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, e para este efecto realizaranse as correspondentes transferencias de crédito.

Artigo 4. *Cotas da Seguridade Social.*

Os traballadores por conta propia incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social, na zona afectada pola seca, gozarán dun aprazamento de dous anos, sen xuro, no pagamento das súas cotas fixas mensuais correspondentes ós meses de xullo a decembro de 1999,

ambos inclusive, con dereito a devolución, se é o caso, das xa ingresadas.

Así mesmo, concédese un aprazamento de dous anos, sen xuro, no pagamento das cotas do réxime especial agrario da Seguridade Social polas xornadas reais deste, correspondentes ós meses de xullo a decembro de 1999, con dereito a devolución, de se-lo caso, das xa aboadas.

Artigo 5. *Modificación no rendemento neto da actividade agraria para efectos de tributación do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

Para as explotacións e actividades agrarias, situadas e realizadas nas zonas a que se refire o artigo 1, conforme as previsións contidas no artigo 35, catro, 1, do Regulamento do imposto da renda das persoas físicas, o Ministerio de Economía e Facenda, á vista do informe do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, autorizará, con carácter excepcional, a redución dos índices de rendemento neto ós que se refire a Orde do 22 de febreiro de 1999, reguladora do réxime de estimación obxectiva por módulos en agricultura e gandería para 1999.

Artigo 6. *Crédito extraordinario e suplemento de crédito.*

1. Concédese un crédito extraordinario por importe de 2.150 millóns de pesetas, no vixente orzamento de gastos do Estado, sección 21 «Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación», servicio 01 «Subsecretaría de Agricultura, Pesca e Alimentación», «Transferencias entre subsectores», concepto 415 «Transferencias a ENESA, subvencións por seca. Para as atencións derivadas da aplicación do artigo 2 do presente Real decreto lei 11/1999».

O crédito extraordinario a que se refire o parágrafo anterior reflectirase no orzamento do organismo autónomo 21.207 «Entidade Estatal de Seguros Agrarios», nos termos seguintes:

Orzamentos de ingresos

Aumentos

| Aplicación | Denominación | Importe — Millóns de ptas. |
|------------|--------------------------------------|----------------------------------|
| 21.207.400 | Do departamento a que está adscrito. | 2.150 |

Orzamentos de gastos

Aumentos

| Aplicación | Denominación | Importe — Millóns de ptas. |
|------------------|---|----------------------------------|
| 21.207.719.A.475 | Subvencións por seca. Real decreto-lei 11/1999. | 2.150 |

O remanente que amose o indicado crédito ó finliza-lo exercicio de 1999 poderá incorporarse ó orzamento do exercicio seguinte.

2. Concédese un suplemento de crédito por importe de 612,5 millóns de pesetas ó orzamento en vigor da sección 21 «Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación», servicio 01 «Subsecretaría de Agricultura, Pesca e Alimentación», programa 711A «Dirección e Servicios Xerais de Agricultura», concepto 770 «Apoio financeiro por danos ocasionados pola seca».

3. O crédito extraordinario e o suplemento de crédito que se conceden neste artigo financiaranse con débeda pública, de acordo co establecido no artigo 101 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado por Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

Artigo 7. *Transferencias de crédito.*

As transferencias de crédito que se realicen para dar cumprimento ó disposto neste real decreto lei non lles serán de aplicación as limitacións previstas no artigo 70 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria e no artigo 11 da Lei 49/1998, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1999.

Disposición final primeira. *Habilitación.*

O Goberno e os titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, dictarán as disposicións e adoptarán as medidas necesarias para a execución do establecido neste real decreto lei.

Disposición final segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de xuño de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ